

**Nota de prensa  
do SLG**

**07-09-2009**

## **A presión do sector leiteiro continúa. Condeamos a actitude irresponsábel amosada pola ministra española no Consello Agrícola**

Máis de medio milleiro de produtoras e produtores de Galiza, Asturias, Euskadi, Castilla Leon, Castilla la Mancha, Nafarroa e Cantabria atopámonos hoxe en Santander nunha xornada reivindicativa diante dun acto que o MARM celebraba na Universidade Internacional Menéndez Pelayo.

Esta mobilización une a gandeiros e gandeiras da cornisa cantábrica no día en que vén de ter lugar a celebración do Consello extraordinario de Ministras/os de Agricultura desta mañá en Bruxelas, para esixirmos un cambio de rumbo na política leiteira europea que signifique a salvación da crise que asolaga ao sector.

Representantes das organizacións presentes, entre as que se atopaba Carme Freire -Secretaria Xeral do SLG- mantiveron a primeira hora do día un encontro co Secretario de Estado de Medio Rural e Auga, Josep Puxeu, para coñecer de primeira man as medidas que a ministra do medio rural, Elena Espinosa, defendeu en Bruxelas.

Puxeu comunicou neste encontro, completamente decepcionante para as organizacións asistentes, que **dende o Ministerio non se ía cuestionar baixo ningún concepto a PAC aprobada, é dicir, nin o control da produción, nin a necesidade de reducir a produción para adecuala á demanda, nin a pertinencia do establecemento de mecanismos que garantan un prezo que cubra custos e traballo ás explotacións.**

Dende o Sindicato Labrego Galego reclamamos na xornada de hoxe un **cambio de rumbo nas políticas leiteiras europeas e unha aposta política clara para que as gandeiras e gandeiros saiamos desta crise e teñamos unha renda digna obtida mediante a cobertura de custos e a remuneración do noso traballo: a produción dun alimento básico como é o leite.**

Tra-lo encontro co Secretario de Estado tivo lugar unha assemblea, con presenza de representantes de organizacións do resto de Europa, na que se deu conta das posicións transmitidas por Puxeu e na que, sobor de todo, **valorouse levar a cabo medidas de presión coordinadas en toda Europa**, tras esta nova decepción logo da irresponsabilidade e a ineficacia que posicións como a que defendeu a Ministra significan para o sector leiteiro.

**Moitas grazas pela vosa atención.**

Saúdas do Gabinete de Comunicación do **Sindicato Labrego Galego**

OBTERÁN MÁIS INFORMACIÓN CONTACTANDO CON

**Carme Freire Cruces, Secretaria Xeral do SLG,**

**TLF: 619 348 426**